

JANE AUSTEN

Lady Susan

Traducido por Alejandro Tobar



Hugin e Munin

CARTA I

De *lady* Susan Vernon
para o señor Charles Vernon

Langford, decembro

Meu querido irmán¹:

Non me resisto por máis tempo ao pracer de aceptar o amable convite que me trasladaches a última vez que pasamos unhas semanas xuntos en Churchill², e, por conseguinte, se á túa señora e a ti vos vai ben recibirme nestas datas, conto con ver por fin a irmá que dende

¹Algunhas edicións e parte das traducións a outras linguas desta novela corrixen este primeiro «irmán» por «cuñado» (en rigor, emi-saria e destinatario son iso, irmáns políticos, unha vez que ela é a viúva de Frederic Vernon, o irmán del, Charles, como explicará a esposa deste último na carta III). Non obstante, para a edición galega conservamos a escolla orixinal da autora, ao entender que lle engade un matiz relevante á forma de se presentar a protagonista.

²No proceso de cotexo do manuscrito coa primeira edición impresa de 1871 (crese que a obra se redactou entre 1793 e 1794), R. W. Chapman (Eskbank, 1881-Oxford, 1960), experto na obra de Austen, atopou un erro no nome desta localidade, mal transcrita como Churchill (con dobre hache); de igual modo, bateu cunha gralla no apelido Manwaring, ao cal o editor lle engadira un i antes do ene que a autora endexamais puxera. Esta edición rescata as escollas orixinais da escritora.

hai tanto tempo desexo coñecer dunha maneira máis íntima.

As miñas amizades de por aquí insisten con enorme xentileza en que prolongue a miña estadía a canda elas, pero o seu natural hospitalario e animoso fôrzaas a levar unha vida social demasiado intensa para o meu actual estado de ánimo; xa que logo, debes saber que eslumezo por presentarme canto antes no voso estupendo lugar de retiro. Gustaríame que os vosos adorables cativos me coñezan, e quero que os seus corazóns me acollian con ben, pois pronto hei precisar do seu alento, dado que estou a piques de me separar da miña filla. A longa enfermidade do seu amado pai impediume dedicarlle á nena a debida atención á que obrigan por igual tanto o deber coma o afecto, e razóns non me faltan para temer que a institutriz a quen lle encarguei o seu coido non soubo estar á altura. En consecuencia, resolvín enviar a nena a unha das mellores escolas privadas da localidade, onde eu mesma terei ocasión de deixala así saia de viaxe rumbo á vosa casa, pois o internado cadra de camiño.

Estou decidida, ben o vedes, a deixarme ver por Churchill. Que decepción levaría se agora me dixésedes que non estades en condicións de me recibir!

Co maior agradecemento e con afecto fraternal,

S. VERNON

